



## BASES DE PARTICIPACIÓN NO III DÍA DA BICICLETA

### BASES DE PARTICIPACIÓN NO III DÍA DA BICICLETA

#### 1.- OBXETO E ORGANIZACIÓN.

O Concello do Valadouro a través da Concellería de Deportes organiza o III Día da Bicicleta para promover o deporte e exercicio moderado e as actividades ao aire libre nunha xornada de convivencia entre veciños, familia, amigos e visitantes ademais de visibilizar a bicicleta como modo de transporte ecolóxico e saudable.

#### 2.-REQUISITOS PARA PARTICIPAR.

- As persoas interesadas en participar, maiores de 18 anos, residentes en España, deberán inscribirse nas oficinas municipais, tanto no Concello como na Casa da Cultura ademais da sede electrónica, cubrindo o formulario disposto a ese efecto, con DNI e datos persoais de contacto ademais de engadir a talla de camiseta para que a organización poida proveer aos participantes de camisetas conmemorativas da xornada.

A inscrición pode ser de tipo individual ou familiar no que en cada inscrición pode incluír a varios membros da unidade familiar.

No caso de menores de idade, deben ser apuntados por pai/nai/titores. Para garantir a seguridade deste evento é obrigatorio o uso do casco e queda prohibida a participación de menores de 7 anos sen os pais.

A organización porá a disposición dos participantes, vehículos auxiliares para aqueles participantes que non poidan seguir o ritmo da marcha, sufran averías ou calquera outra incidencia.

Ao final do traxecto, sortearanse entre os participantes varios vales dun valor de 100 € para canxear por material ciclista ademais dun casco ciclista.

#### 3.- PRAZO DE INSCRICIÓN E DÍA DE PARTICIPACIÓN

Desde o martes 2 de setembro ata ás 16:00 horas do sábado, 13 de setembro nas inmediacións da saída da carreira que iniciará ás 17:00 horas

#### 4.- TRAXECTO DO III DÍA DA BICICLETA





O percorrido no día da bicicleta, preténdese que sexa de índole familiar e, sen moitas pendentes cunha parada de avituallamento na metade do percorrido.

## 5.- ACEPTACIÓN DE LAS BASES.

A participación nesta xornada implica a aceptación destas Bases.

